



**CONCELLO  
DE MEIS**

# **PROTOCOLO DAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS 2021 - 2022**

## 1) OBXECTO:

Dentro do ámbito das súas propias competencias, o Excmo. Concello de Meis asume, elabora e coida os programas deportivos dirixidos á toda a poboación.

Un dos programas básicos da súa competencia deportiva son as Actividades Deportivas Municipais.

As Actividades Deportivas Municipais funcionan de acordo cun programa municipal que ten como obxectivo principal, fomentar e promocionar a práctica da actividade física entre a poboación do concello, tanto para os nenos/as ata os adultos, como complemento dunha vida saudable. Este programa desenvólvese no Pavillón Municipal de Deportes.

## 2) CRITERIOS:

O Excmo. Concello de Meis ten entre os seus fins:

- A promoción, fomento, coordinación e organización de actividades e servizos físico – deportivos para contribuír o desenvolvemento da cultura física e mellora da calidade de vida da poboación do concello de Meis quedando establecido nos seus correspondentes programas. En concreto, a través do Programa de Actividades Deportivas Municipais, cuxo procedemento de xestión farase público o inicio da cada tempada.

- Facilitar a utilización das instalacións deportivas municipais a toda a poboación do concello, xa sexa a modo particular con alugues das instalacións, ou por medio das Actividades Deportivas Municipais.

- Establecer convenios de colaboración con federacións, clubs e asociacións para potenciar o asociacionismo deportivo para conseguir unha maior participación cidadá no sistema deportivo local.

Que a Entidade/ Club correspondente, ten como obxectivo principal a práctica ou desenvolvemento da actividade concreta para a que está constituída, ademais de incluír entre as súas finalidades a promoción e a práctica da actividade física e deportiva, dispoñendo para elo de organización e estrutura suficiente para levar a cabo, segundo os casos, a práctica do deporte de iniciación e/ou de

base en idade escolar, cursos de aprendizaxe deportivo, e outras modalidades enfocadas o deporte – saúde.

Que dada a común finalidade de ambas entidades, redáctase o presente regulamento par o funcionamento das Actividades Deportivas Municipais, con arranxo as estipulacións deste regulamento.

### **3) ESTIPULACIÓNS:**

A convocatoria correspondente as Actividades Deportivas Municipais cumprirán cos requisitos establecidos para o seu correcto funcionamento cada tempada, estando dirixidas e coordinadas dende os Servizo Municipal de Deportes, a través da súa técnico municipal.

As Actividade Deportivas Municipais acollerán a todos/as os demandantes de dita actividade, que cumpran os requisitos que se establezan para a súa inscrición. Terán como obxectivo principal a promoción da actividade física e do deporte como hábito de vida saudable.

Este curso, debido as circunstancias sanitarias, haberá adaptacións para cumprir as medidas sanitarias establecidas ante o COVID 19, onde o número mínimo para levarse a cabo unha actividade será de seis persoas e o máximo virá establecido pola normativa que este vixente no momento, polo que, este número pode variar en función de como evolucione a pandemia.

### **4) NORMATIVA COVID – 19 NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS:**

Esta normativa ven dada para facilitar a organización do programa das ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS utilizando como instalación o pavillón de deportes municipal e será de obrigatorio cumprimento por parte dos alumnos/as que vaian a participar nas mesmas. Será cumprimentado e condicionado por aquelas normas ou ordes que se ditén e publiquen por parte das autoridades sanitarias e deportivas ao longo do transcurso da evolución desta situación actual. Actualizarase continuamente de acordo coas informacións e criterios das autoridades competentes.

Adoptaranse as medidas de prevención hixiénico – sanitarias necesarias para lle facer fronte á pandemia provocada polo Covid – 19, conforme ao disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

Con motivo da situación actual e das limitacións que se nos presentan (espazos, grupos reducidos, ....) o programa das ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS, ofértase a todos/ as os/as interesados/as (dando preferencia de praza aos propios veciños/as do concello, e se quedan prazas libre poden optar a elas calquera persoa de calquera outro concello) como unha opción para realizar actividade física nun contexto complexo, e como axuda o desenvolvemento integral do alumno/a sobre todo alumno/a, sexa cal sexa a súa idade, con fin saudable.

Ca idea firme de que cada se desenrolo de xeito adecuado e con todas as medidas necesarias, ofertamos un número máximo de actividades co ratio máximo de alumnos/as por grupo, adaptándonos as instalacións coas que contamos e as medidas sanitarias actuais.

#### **4.1.- ACTUACIÓNS INICIAIS:**

✓ Cota das actividades: só se realizará a cabo a través da domiciliación bancaria da mesma, a cal se pasará ao cobro nos dez primeiros días do mes e se algún dos meses non se pode asistir á actividade, previa comunicación ao técnico municipal antes do 25 do mes en curso, non se lle pasará a cota da actividade.

✓ Dado que a instalación na cal se van a levar a cabo as actividades municipais vai a ser a mesma para todas elas, xa que é a única instalación coa que conta o Concello de Meis, a programación das mesmas está localizada cunha diferenza horaria entre elas, para que permita a entrada e saída dos alumnos/as sen coincidir e permita a ventilación e desinfección da mesma para poder realizar a seguinte actividade con total seguridade sanitaria.

✓ Aforo reducido. O servizo de deportes municipal limitou as prazas por grupo e actividade, para procurar unha maior distancia entre os alumnos/ as.

✓ Limitación do material deportivo compartido. Limitarase o intercambio de material dentro da mesma sesión e no caso do seu uso, ao finalizar a sesión realizarase a desinfección dos mesmos.

✓ Clases en espazos abertos (sempre que sexa posible) e maior tempo entre clase e clase.

✓ Kit de hixiene persoal. Aconséllase a todos/as os/as alumnos/as que acudan cun kit de hixiene persoal que conteña polo menos: toalla pequena

(lavado de mans ou suor) ou toalla mediana para apoiarse sobre superficies. A este kit deberanse engadir ou quitar elementos en función da actividade que se practique e que se detallará oportunamente pola técnico o primeiro día de clase.

✓ Grupos identificados. Grazas a composición das listaxes de alumnos por actividade, podemos saber en caso necesario as persoas que puidesen estar en contacto con positivos en COVID 19, polo que este departamento poderá tomar medidas necesarias para evitar exposicións de propagación.

✓ Dispensadores de hidroxel e xaboneiras na instalacións. As zonas comúns e aseos dispoñerán destes elementos para garantir a hixiene.

✓ Non estarán dispoñibles os vestiarios (mentres non se produzan cambios na normativa), unicamente os aseos da instalacións.

✓ Obrigatoriedade do uso da máscara en todas as zonas comúns dentro da instalación, tanto para á actividade como no tránsito pola instalación.

#### **4.2.- NORMAS DE UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓNS DEPORTIVA MUNICIPAL:**

✓ Os/as usuarios da instalación deberán cumprir o **PROTOCOLO DA INSTACIÓN DEPORTIVA DO CONCELLO DE MEIS**, onde se van a desenrolar as actividades deportivas municipais.

✓ A práctica do deporte de competencia autonómica, seguirá o PROTOCOLO que propoña a federación correspondente para adaptar a modalidade deportiva ás medidas de protección fronte o COVID 19, e que se atope aprobado pola Xunta de Galicia.

✓ Os clubs e deportistas individuais usuarios da instalacións deportiva designarán un responsable técnico encargado de coordinar co departamento de deportes do Concello de Meis a utilización das instalacións, e que será o responsable da aplicación e do cumprimento dos protocolos, tanto o PROTOCOLO DA INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL DO CONCELLO DE MEIS, como o PROTOCOLO DA FEDERACIÓN autonómica correspondente.

✓ Non estará permitido o acceso á instalación deportiva dos pais/nais/titores ou acompañantes dos/as alumnos/as, debendo de esperar polos mesmos no exterior da instalación. A técnico poderá dar autorización unicamente

para acompañar aos menores de idade ata a zona de adestramento evitando que queden na instalación unha vez que a técnico recolla aos alumnos/as.

✓ Non se permite o uso dos vestiarios na instalación (mentres non cambie a normativa). Unicamente estarán dispoñibles os aseos. Os alumnos/as asistirán coa roupa axeitada para a práctica deportiva correspondente, só se poderán deixar unha mochila básica nos espazos habilitados para tal fin.

## 5) INSCRIPCIÓNS E PAGAMENTO:

As inscricións deberán realizarse de xeito presencial no pavillón de deportes municipal ou a través de correo electrónico.

Todo aquel que queira participar nas actividades deportivas municipais, deberá cubrir a solicitude correspondente e achegar a documentación requirida para formalizar a praza na actividade na cal quere participar.

As coutas das actividades deportivas municipais serán as seguintes:

- Actividades deportivas dos/as nenos/as:
  - ✓ Multideporte: 15€/mes
  - ✓ Patinaxe: 10€/mes
  - ✓ Pilates kids: 10€/mes
  - ✓ Zumba kids: 10€/mes
  - ✓ Judo: 15€/mes
  - ✓ Defensa persoal: 15€/mes.
  
- Actividades deportivas dos adultos:
  - ✓ Global work: 15€/mes
  - ✓ Pilates: 15€/mes
  - ✓ Defensa persoal: 15€/mes
  - ✓ Zumba: 15€/mes
  - ✓ Xerontoximnasia: 15€/mes
  - ✓ Ioga: 25€/mes
  - ✓ Ximnasio: 15€/mes. Calquera persoa que asista a algunha das actividades, terá acceso ao ximnasio de xeito gratuíto.

➤ **BONIFICACIÓNS:**

- ✓ A asistencia a mais dunha actividade, terá un desconto de 2€/mes en actividades de 15€ e de 1€/mes en actividades de menor prezo. Na actividade de xerontoximnasia, non se aplicará ningún tipo de desconto.
- ✓ Desconto de 3€/persoa, se asiste mais de un membro da unidade familiar.
- ✓ Desconto do 50% aos posuidores do carné de familia numerosa.
- ✓ Incremento de 5€ as persoas que non este empadroada no concello.

As cuotas das actividades deportivas pagaranse a través da domiciliación bancaria, e se farán efectiva nos primeiros dez días do mes.

Todos aqueles participantes nas actividades deportivas municipais, se se queren dar de baixa, terán que comunicalo antes do 25 do mes en curso, para que non se lle faga efectiva a cota.

## 6) DECLARACIÓN DE RESPONSABILIDADE:

### ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MEIS, PREVENCIÓN FRONTE AO COVID -19.

#### INFORMO,

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_

Actuando en nome propio (persoa participante maior de idade).

Como proxenitor/titor – a da persoa participantes (menor de idade).

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI/NIE \_\_\_\_\_

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS CONDICIÓNS DE SAÚDE

Declaro que a persoa participantes non está diagnosticada con síntomas asociados a este virus (tose, febre, á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade).

Declaro que a persoa participante non convive con ninguén afectado polo Covid, contacto estreito nin compartiu espazo sen gardar a distancia interpesoal cunha persoa afectada polo Covid – 19, no 14 días previos á entrada desta actividade.

Comprométome a notificar inmediatamente á organización, calquera problema de saúde vinculado co Covid – 19 durante o transcurso da actividade. Se algún alumno/a presenta síntomas como febre, tose e dificultade respiratoria, chamar ao 061 ou ao 9000 400 116 (segundo proceda), seguindo ás instrucións das autoridades sanitarias.

#### DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA AS PERSOAS VULNERABLES ou convivir con PERSOAS VULNERABLES:

(presión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodeficiencias/ muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores).

Sendo, a persoa participantes, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

#### ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN



Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

### **DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CONCELLO DE MEIS A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID - 19**

Declaro que recibín e lin a información de adecuación da actividade ao COVID responsable da actividade e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin o Protocolo de actuación en casos de emerxencia ou risco da entidade responsable da actividade.

Que son consciente dos riscos que implica a participación da persoa interesada na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID 19, que asumo baixo a miña responsabilidade.

### **LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS**

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, informámoslle de que os seus datos persoais pasarán a formar parte dunha listaxe do que é responsable o CONCELLO DE MEIS con domicilio Avd/ Cambados 67, Mosteiro - Meis (Pontevedra). A finalidade desta listaxe é levar a cabo a correcta prestación dos servizos e actividades culturais, deportivas e educativas que presta o concello. Así mesmo, salvo que manifeste a súa negativa marcando a casa habilitada a tales efectos, autoriza o tratamento dos seus datos para enviarlle información actualizada sobre novas actividades que organice o Concello que poidan ser do seu interese. Si o desexa poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito á Concellería de Cultura e Educación no enderezo sinalado, achegando una fotocopia do seu DNI.

Non desexo recibir comunicacións

**Asdo:**

**Meis, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20**